

CCOO de Vigo homenaxea os protagonistas da histórica folga de 1972

En setembro de 2012 cumpriéronse corenta anos da folga xeral de 1972 en Vigo. A Unión Comarcal pretendía renderlles homenaxe aos compañeiros e compañeiras que lideraron ese fito histórico das loitas obreiras, pero non foi posible facelo ata o pasado 15 de marzo porque o sindicato estaba inmerso na preparación doutra folga xeral, a do 14 de novembro de 2012, contra as denigrantes e antisociais políticas do Goberno do Partido Popular.

En outubro do 1972, a Coordinadora Xeral de CCOO afirma nun relatorio: «A folga de Vigo non foi nin unha casualidade

nin un acto voluntarista dos dirixentes obreiros. Durante os dous últimos anos, as Comisións Obreiras de Vigo tomaron a solidariedade cos compañeiros como a causa principal da súa mobilización. Isto creou unha gran conciencia solidaria, unida á idea de xeneralizar as mobilizacións ata lograr o obxectivo da folga xeral en todo o Estado para derrotar a ditadura e conquistar as liberdades políticas e sindicais».

Cronoloxía

O día 9 de setembro, os traballadores de Citroën fan un paro reivindicando a semana de 44 horas. A dirección despidió nove obreiros. O luns seguinte, ás cinco e media da mañá, os traballadores, reunidos en asemblea, deciden non volver ao traballo ata que os compañeiros sexan readmitidos. En poucas horas, a noticia corre coma a pólvora e nos días seguintes o paro é total nas empresas de Vigo e a súa bisbarra.

A punta de metralleta, o aparato da ditadura obrigou o transporte público a traballar



A folga de 1972 foi un fito no movemento obreiro vigués

Faise un chamamento á folga xeral para os días 15 e 16. Citroën, Barreras, Santodomingo, Freire, Yarza, Forjas del Miñor, Censa, Álvarez, Pontesa e Vulcano están na vangarda da loita. As forzas represivas toman a cidade e as zonas lindes, ao tempo que as cargas policiais, as detencións e os milleiros de despedimentos di-

tados polos empresarios conseguen crear un clima de terror na cidade. Mesmo os condutores do transporte público son obrigados a traballar, iso si, a punta de metralleta.

O día 27, a folga chega á fin, e a clase traballadora e as capas populares danlle ao mundo un exemplo de solidariedade e loita.

Concentración en Ourense do servizo público de defensa contra incendios forestais

O persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF) concentrouse o 13 de marzo en Ourense, diante da Xefatura Territorial da Consellaría do Medio Rural e Mariño. Con esta acción, os traballadores e traballadoras esixen

solución aos problemas do colectivo, e volverano facer o próximo día 20.

Entre os problemas que denuncian está a organización do traballo. Critican que aínda non se lles entregou aos traballadores e traballadoras o cuadrante anual,

co que «non sabemos os días do ano que teremos libres», o que impide a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Isto representa, ademais, un incumprimento do acordo de condicións especiais do SPDCIF, que especifica que os cuadrantes deben estar

avalados polo comité de empresa o 1 de xaneiro de cada ano, para o que precisan telos con anterioridade á súa disposición. O comité de empresa «non dará por bo» ningún cuadrante que recorte dereitos laborais. Tampouco admitirá que, baseándose no suposto aforro económico, se queira deixar o persoal deste servizo sen compensacións por traballo en domingos e festivos, especialmente cando non se fan contratacións adicionais para cubrir os postos do persoal que se atopa de día libre.